

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 28 de marzo de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e oito de marzo do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34964.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de marzo de 2025.

2.34965.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025.
(Expte.2024084032)

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión e ao fomento da cultura galega e á normalización social da lingua galega, pretende promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos no seu termo municipal realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e poderán beneficiarse deste programa as entidades culturais que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra ou acreditar fidedignamente que teñen a súa sede ou unha delegación nela, e que as súas actividades se realizarán no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra desta cando versen sobre temas de interese para a provincia.



- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas.
- Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

O 21 de xaneiro de 2025, a Presidencia ordena a elaboración dunha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025, e solicítaselle ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

O 27 de xaneiro de 2025, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe do programa indicado, con CSV: LGZTSS09086XKAOL, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 13 de febreiro de 2025, a área de Secretaría emite informe, con CSV: 2AXSWFFVA0OGFHLW, sobre as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025.

O 4 de marzo de 2025, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: 9O6U02T9U0ERYHPC, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 25/334.3340.489.05 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 12025000029090., por importe de 150.000,00 €.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, *“a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”*.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (150.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025, que figuran co CSV: BXBPC9K9HDXGLX8C.



3.34966.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN RÉXIME RESIDENCIAL NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2025 -2026. (Expte.2025002226)

No ano 1976 inaugurouse a Cidade Infantil Príncipe Felipe, da cal é titular a Deputación de Pontevedra, o centro está situado na parroquia de Mourente, avenida de Montecelo nº 16, do Concello de Pontevedra.

O CPF conformase como unha institución de carácter educativo e social e ten como obxectivo mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en risco de exclusión social así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.

As peculiaridades derivadas da propia historia, pasando desde antiga catalogación de macrocentro institucional a unha adaptación estrutural máis acorde coa situación actual e a normativa vixente, explican que no seu seo prevalezan espazos-centros diferenciados, pero coas características comúns, no que á función de acollemento se refire, de ser considerada globalmente como entidade que alberga a modalidade ou tipoloxía de centro con fogares.

Resultando que, por acordo do Pleno da Corporación da Institución Provincial, na sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (*DOG 18/12/2008*), e mais no Decreto 329/2005, creouse no Centro Príncipe Felipe un recurso de atención en réxime de Atención Residencial.

Este servizo de acollemento residencial ten como finalidade atender a aquelas persoas menores procedentes de familias con problemáticas de risco psicosocial que, inicialmente abordadas polos servizos sociais comunitarios dos concellos, exceden as posibilidades de intervención destes e non acadan os requisitos necesarios para que se produza unha asunción de responsabilidade por parte da administración autonómica.

O carácter do recurso é anual, polo que, a Deputación de Pontevedra publica, por cada curso escolar, a correspondente convocatoria, para o cal o Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do procedemento de admisión de menores en réxime residencial para o curso 2025/2026.

Vista a proposta de inicio do expediente da tramitación administrativa das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime residencial no Centro Príncipe Felipe para o curso 2025 -2026, asinada pola Deputada Delegada de área, e a coordinadora xeral do CPF, con data 28 de xaneiro de 2025 (CSV: M7QHRNL2IK4LJ4HG).

Visto o informe xurídico do centro xestor Príncipe Felipe, de data 11/03/2025 (CSV: PZ6G3O1GWFGX9YB1) no cal se indica que o custe estimado para a prestación deste programa de atención residencial, de carácter básico, para 23 prazas establécese a razón 14,65 €/día/menor para 22 días por mes, polo que o gasto anual do próximo curso escolar, contabilizado dende o día 1 de setembro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026, ascendería a cantidade aproximada de 74.129,00 €.



Para os efectos orzamentarios a aprobación destas bases e posterior admisión de alumnos implicaría un gasto durante o exercicio 2025 estimado en 29.651,60 € que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.221.05- Produtos alimenticios. O gasto para o exercicio de 2026 estímase en 44.477,40 € e quedará condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para a dita anualidade.

Resultando que, con data 17/03/2025 (CSV: 722U14DOR09PLNOM) o Sr. Secretario Xeral contesta a petición de solicitude do centro xestor sinalando a non receptividade do mesmo e devolvendo o expediente tal co fin de continuarse coa tramitación do mesmo.

Visto o informe emitido pola Intervención, de data de 17/03/2025 (CSV: UP3YNROMLB1RN9Y1), o cal conclúe favorable o expediente de aprobación das bases recollendo que na aplicación orzamentaria a que se imputarán os gastos existe crédito suficiente para afrontar o mesmo. No dito informe sinala igualmente que o gasto imputable ó exercicio 2026 deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Considerando o disposto nos artigos 34-1 f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, así como as bases de execución do orzamento, concretamente na Base 16.2 onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a autorización e compromisos dos gastos que recollen as presentes bases.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime residencial no Príncipe Felipe para o curso 2025/2026 co CSV: Y0TAZULDTD7BDJVM que obran no expediente

Segundo.- Autorizar o gasto polo importe estimado de 29.651,60 € para o exercicio 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial.

As obrigas derivadas para a anualidade 2026, por importe estimado de 44.477,40 € quedarán condicionadas a existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Terceiro.- Iniciar o procedemento de admisión de menores no réxome residencial de Príncipe Felipe para o curso 2025/2026, concedendo un prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte hábil a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

4.34967.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN RÉXIME DE ATENCIÓN DE DÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2025 -2026. (Expte.2025002225)

No ano 1976 inaugurouse a Cidade Infantil Príncipe Felipe, da cal é titular a Deputación de Pontevedra, o centro está situado na parroquia de Mourente, avenida de Montecelo nº 16, do Concello de Pontevedra.

O CPF conformase como unha institución de carácter educativo e social e ten como obxectivo mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en risco de exclusión social así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.



As peculiaridades derivadas da propia historia, pasando desde antiga catalogación de macrocentro institucional a unha adaptación estrutural máis acorde coa situación actual e a normativa vixente, explican que no seu seo prevalezan espazos-centros diferenciados, pero coas características comúns, no que á función de acollemento se refire, de ser considerada globalmente como entidade que alberga a modalidade ou tipoloxía de centro con fogares.

Resultando que, por acordo do Pleno da Corporación da Institución Provincial, na sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (*DOG 18/12/2008*), e mais no Decreto 329/2005, creouse no Centro Príncipe Felipe un recurso de atención en réxime de Centro de Día.

O dito Centro de Día presta un servizo de acollemento residencial diúrno a través do cal se procura preservar e potenciar a integración familiar natural como primeiro e principal recurso de protección, ademais de garantir a atención diaria e atender as necesidades básicas e integrais dos menores da provincia de Pontevedra.

O carácter do recurso é anual, polo que, a Deputación de Pontevedra publica, por cada curso escolar, a correspondente convocatoria, para o cal o Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do procedemento de admisión de menores en réxime de centro de día para o curso 2025/2026.

Vista a proposta de inicio do expediente da tramitación administrativa das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime de centro de día no Centro Príncipe Felipe para o curso 2025 -2026, asinada pola Deputada Delegada de área, e a coordinadora xeral do CPF, con data 28 de xaneiro de 2025 (CSV: M5C0JWZUW6L5EJZ8).

Visto o informe xurídico do centro xestor Príncipe Felipe, de data 11/03/2025 (CSV: F2VECLRUW83MQXVJ) no cal se indica que custe estimado para a prestación deste programa de atención de día, para 82 prazas establécese a razón 8,15 €/día/menor para 22 días por mes, polo que o gasto anual do próximo curso escolar, contabilizado dende o día 1 de setembro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026, ascendería a cantidade aproximada de 147.026,00 €.

Para os efectos orzamentarios a aprobación destas bases e posterior admisión de alumnos implicaría un gasto durante o exercicio 2025 estimado en 58.810,40 € que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.221.05- Produtos alimenticios. O gasto para o exercicio de 2026 estímase en 88.215,60 € e quedará condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para a dita anualidade.

Resultando que, con data 17/03/2025 (CSV: 8QMZMEY3LILGVODW) o Sr. Secretario Xeral contesta á petición de solicitude do centro xestor, sinalando a non receptividade do mesmo e devolvendo o expediente tal co fin de continuarse coa tramitación do mesmo.

Visto o informe emitido pola Intervención, de data de 17/03/2025 (CSV: TQOWME744CGA481C), o cal conclúe favorable o expediente de aprobación das bases recollendo que na aplicación orzamentaria a que se imputarán os gastos existe crédito suficiente para afrontar o mesmo. No dito informe sinala igualmente que o gasto imputable ó exercicio 2026 deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.



Considerando o disposto nos artigos 34-1 f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, así como as bases de execución do orzamento, concretamente na Base 16.2 onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a autorización e compromisos dos gastos que recollen as presentes bases.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime de centro de día no Príncipe Felipe, para o curso 2025/2026 co CSV: Q1UG7D77VFGAR4CG que obran no expediente

Segundo.- Autorizar o gasto polo importe estimado de 58.810,40 € para o exercicio 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial.

As obrigas derivadas para a anualidade 2026, por importe estimado de 88.215,60 €, quedarán condicionadas a existencia de crédito aceptado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Terceiro.- Iniciar o procedemento de admisión de menores no Centro de día de Príncipe Felipe para o curso 2025/2026, concedendo un prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte hábil a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

5.34968.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE CELA IVCE-006, IVCE-029 E IVCE-024”. (Expte.2025009232)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 25/02/2025, mediante rexistro WEB2025011836, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de BUEU* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 94.320,46 euros, co obxecto do financiamento da actuación “Rede de abastecemento na parroquia de Cella IVCE-006, IVCE-029 E IVCE-024”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- O concello emenda a documentación achega en datas posteriores.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
- Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- A devandita autorización, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado previo (anexo III) serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/03/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Buen*, CIF: P3600400J, unha subvención por importe de 94.320,46 € co obxecto do financiamento do investimento “*Rede de abastecemento na parroquia de Cela IVCE-006, IVCE-029 E IVCE-024*” (Expte. 2025009232), cuxo orzamento ascende a 94.320,46 €.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Bueu*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.34969.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REDE DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA CELA EP-1304, IVCE 046 IVCE037 E IVCE 043”. (Expte.2025009225)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 25/02/2025, mediante rexistro WEB2025011829, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de BUEU* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 187.179,40 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*Rede de abastecemento e saneamento na parroquia Cela EP-1304, IVCE 046 IVCE037 E IVCE 043*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
- Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de Augas de Galicia e do Instituto de Estudos do Territorio.
- As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado previo (anexo III) serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 26/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 06/03/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Buen*, CIF: P3600400J, unha subvención por importe de 187.179,40 € co obxecto do financiamento do investimento “*Rede de abastecemento e saneamento na parroquia Cela EP-1304, IVCE 046 IVCE037 E IVCE 043*” (Expte.2025009225)”, cuxo orzamento ascende a 187.179,40 €.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de Augas de Galicia e do Instituto de Estudos do Territorio, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Buen*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.34970.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA CUNTIS, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA PISTA DEPORTIVA DO PAVILLÓN MUNICIPAL”. (Expte.2025003657)

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Cuntis o importe que lle corresponde é de 103.628,55 €.
- En data 03/02/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025004157) dunha petición do *Concello de Cuntis*, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 103.628,55 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Mellora da pista deportiva do pavillón municipal*” (Expte.:2025003657), cun orzamento polo mesmo importe. O orzamento contempla execución de obra por importe de 97.484,57 € e 6.143,98 € de honorarios técnicos.
- En datas posteriores, o concello remite a aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/02/2025 e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cuntis*, CIF: P3601500F a cantidade de 103.628,55 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da pista deportiva do pavillón municipal*” (Expte.2025003657) ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.

A subvención contempla execución de obra por importe de 97.484,57 € e 6.143,98 € de honorarios técnicos.

- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.34971.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN DAS PÉRGOLAS E CERRAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL SALVADOR OTERO”. (Expte.2025003542)

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello da Illa de Arousa o importe que lle corresponde é de 105.686,48 €.
- En data 21/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. WEB2025003978) petición do Concello da Illa de Arousa na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 105.686,48 € con destino ao financiamento do investimento denominado “*Rehabilitación das pérgolas e cerramento do campo de fútbol Salvador Otero*” (Expte.:2025003542), cun orzamento polo mesmo importe.



- En datas 21/02/2025 e 05/03/2025, con rexistros núm.WEB2025011153 e WEB2025014528, subsana as deficiencias existentes na documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/02/2025 e da xefa do servizo de Cooperación de data 06/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello da Illa de Arousa*, CIF: P8600004I a cantidade de 105.686,48 € con destino ao financiamento do investimento “*Rehabilitación das pérgolas e cerramento do campo de fútbol Salvador Otero*” (Expte.2025003542) ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/02/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF: P3603500D, unha subvención por importe de 810.690,52 €, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, co obxecto do financiamento do investimento “*Pavimentado de camiños de titularidade municipal 2023*” (Expte. 2025005451), cuxo orzamento ascende a 813.562,42 €, debendo co-financiar a entidade municipal 2.871,90 €.
- Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación da axuda económica, as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Patrimonio), da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de Augas Galicia e de Portos de Galicia, así como a resolución (ou o acordo) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado debidamente cumprimentada.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
 - A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
 - Así mesmo, conforme a base 34ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
 - Darlle traslado do presente acoro ao *Concello de Nigrán*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



14.34977.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA PARA O INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN DE ENTORNOS TRADICIONAIS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE CASALVITO E O PADRÓN”. (Expte.2025013702)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, por acordo número 3.8370, aproba a concesión dunha subvención ao *Concello de Poio* que importa 545.072,63 € co obxecto de financiar a actuación denominada “*Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casalvito e O Padron*” (Expte.2024076616) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN- PLAN EXTRA	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
726.763,51€	545.072,63	0,00	181.690,88

- En data 12/03/2025, mediante rexistro WEB2025016876, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do concello de POIO na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 181.690,88 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra) do investimento “*Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casalvito e O Padron*”, cuxo orzamento ascende 726.763,51 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións €	Plan provincia extraor. (Plan extra)
2025	726.763,51€	181.690,88€	0,00	545.072,63

- Consta no expediente certificado de titularidade así como o informe técnico sobre a normativa sectorial.



- A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2025, figurando no expediente a documentación requirida.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, ademais os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans deben axustarse aos contemplados nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, por importe de 181.690,88 € co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “*Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casavito e O Padron*” (Expte. 2025013702), cuxo orzamento ascende 726.763,51 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións €	Plan provincia extraor. -Plan extra
2025	726.763,51€	181.690,88€	0,00	545.072,63 (exp. Plan Extra: 2024076616)



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a prorroga da autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024)
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.34978.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA PO-308. TREITO ENTRE O PK 0+000 E PK 0+400”. (Expte.2025003862)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 28/01/2025 o *Concello de Poio* asina un Convenio de colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia co fin de humanizar a estrada autonómica PO-308 ao seu paso polo concello de Poio, cuxa financiación queda reflexada na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvencion AXI- Xunta de Galicia	Achega municipal
2025	520.479,09	364.335,36	156.143,73
2026	1.214.451,23	850.115,86	364.335,37
TOTAL	1.734.930,32	1.214.451,22	520.479,10

- En data 22/01/2025, mediante rexistro WEB2025004153, formalmente e en prazo, emendado en datas posteriores, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Poio* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 156.143,73 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio asinado entra a entidade municipal e a Axencia Galega de Infraestruturas do investimento “*Proxecto de reurbanización da PO-308*” (Expte.2025003862), cuxo orzamento para a anualidade 2025 ascende a 458.616,65 € (orzamento licitación acumulado decembro 2025) tal e como se indica no cronograma achegado polo concello. O importe restante da anualidade 2025 é financiado coa axuda que lle otorga a Xunta de Galicia ao concello de 302.472,92 €.



Deste xeito, a petición do *Concello de Poio*, de carácter plurianual, queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Subvencion AXI- Xunta de Galicia
2025	458.616,65	156.143,73	302.472,92

- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á competencia municipal para actuar sobre os terreos reflexados no proxecto, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a autorización de Augas de Galicia, a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas e a autorización de Estradas do Estado.

As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado previo (anexo III) serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/03/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, unha subvención por importe de 156.143,73 € co obxecto do financiamento da anualidade 2025 do investimento “*Proxecto de reurbanización da PO-308*” (Expte. 2025003862), cuxo orzamento ascende a 458.616,65 € (orzamento licitación acumulado decembro 2025). O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, por importe de 302.472,92 €.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a autorización de Augas de Galicia, a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas e a autorización de Estradas do Estado, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

16.34979.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REORDENACIÓN FUNCIONAL E MATERIAL DO INICIO DA RÚA CARLOS MASIDE, EN PONTECESURES” (ACHEGA AO PLAN EXTRA).
(Expte.2025016470)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025, o Pleno da Deputación mediante acordo núm. 3.8370, concedeu ao *Concello de Pontecesures*, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, unha subvención por importe de 370.929,50 € co obxecto do financiamento da obra “*Reordenación funcional e material do inicio da rúa Carlos Maside, en Pontecesures*” (Expte.2024076228), con base en un orzamento que ascendía a 436.387,65 € (416.387,65 de execución de obra e 20.207,00 de honorarios técnicos), debendo achegar a entidade municipal 65.458,15 €.



- En data 19/03/2025, mediante rexistro WEB2025016864, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Pontecesures* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 65.458,15 €, co obxecto do financiamento da súa achega ao investimento “*Reordenación funcional e material do inicio da rúa Carlos Maside, en Pontecesures*” (Expte. 2024076228), quedando configurado o financiamento da devandita obra tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Plan Provincia extraordinaria-Plan extra	Fondos propios do Concello -€
2025	436.387,65	65.458,15	370.929,50	0,00

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, na devandita base 1ª recóllese a posibilidade de financiar as achegas municipais a Plans, Programas, convenios da Deputación ou doutra Administración Pública cando se trate de investimentos de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no plan ou convenio se axusten aos contemplados no Plan + Provincia 2025.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico



do servizo de Cooperación, de data 20/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontecesures*, CIF: P3604400F, unha subvención por importe de 65.458,15 euros, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, co obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “*Reordenación funcional e material do inicio da Rúa Carlos Maside (achega ao Plan extra)*” (Expte.2025016470), cuxo orzamento ascende a 436.387,65 € (416.180,65 € de execución de obra e 20.207,00€ de asistencias técnicas). O Concello de Pontecesures conta cunha subvención por importe de 370.929,50 € concedida no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra (Expte.2024076228).
Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación da axuda económica, a autorización sectorial do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), así como a resolución (ou o acordo) de aprobación do proxecto técnico.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 2.8272 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 206 de 22/10/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme ao disposto no acordo do Pleno núm. 3.8370, de 7/03/2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/10/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontecesures*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.34980.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PORTAS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA E HONORARIOS PARA O INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DESTINADO A ESCOLA DE MÚSICA”. (Expte.2025014437)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025



- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, por acordo número 3.8370, aproba a concesión dunha subvención ao concello de PORTAS que importa 500.000,00 € co obxecto de financiar a actuación denominada “*Rehabilitación de edificio destinado a escola de musica*” (Expte.2024076242) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN- Plan Provincia Extraord. (PLAN EXTRA)	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
600.032,05€	500.000,00	0,00	100.032,05

O orzamento de 600.032,05 € contempla 585.028,05 € de execución de obra, 10.648,00 € de honorarios de dirección de obra e 4.356,00 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

A subvención de 500.000,00 € financia 487.497,33 € de execución de obra, 8.872,86 € de honorarios de dirección de obra e 3.629,81 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

- En data 14/03/2025, mediante rexistro WEB2025017805, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Portas* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 117.698,05 euros, co obxecto do financiamento, por unha banda, da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra) do investimento “*Rehabilitación de edificio destinado a escola de musica*” (100.032,05 €), e por outra banda, o financiamento integro dos honorarios de redacción de proxecto (17.666,00 euros), cun orzamento total que ascende a 617.698,05 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	Plan Provincia Extraord. (PLAN EXTRA)
2025	617.698,05€	117.698,05€	0,00	500.000,00

- O orzamento de 617.698,05 € contempla 585.028,05 € de execución de obra, 17.666,00 € de honorarios de redacción de proxecto, 10.648,00 € de honorarios de dirección de obra e 4.356,00 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.



- A subvención solicitada de 117.698,05 € financia 97.530,72 € de execución de obra, 1.775,14 € de honorarios de dirección de obra, 726,19 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde e 17.666,00 € de honorarios de redacción de proxecto. A súa financiación queda establecida como se indica na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2025	Plan Provincia Extraord. (PLAN EXTRA)
Execucion obra	585.028,05€	97.530,72	487.497,33
Honorarios redaccion proxecto	17.666,00	17.666,00	0,00
Honorarios Direccion obra	10.648,00	1.775,14	8.872,86
Honorarios Coordinac SyS	4.356,00	726,19	3.629,81
TOTAL	617.698,05	117.698,05	500.000,00

- Consta no expediente certificado de titularidade así como o informe técnico sobre a normativa sectorial, achegando a autorización sectorial precisa para executar a actuación.
- A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2025, figurando no expediente a documentación requirida.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerase polas normas reguladoras do plan que se co-financia, ademais os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans deben axustarse aos contemplados nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición



- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 17/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Portas*, CIF: P3604000D, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, por importe de 117.698,05 € co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “*Rehabilitación de edificio destinado a escola de musica*” (Expte.2025014437) e os honorarios de redacción de proxecto, cuxo orzamento total ascende 617.698,05 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións €	Plan provincia extraor. -Plan extra
2025	617.698,05€	117.698,05€	0,00	500.000,00 (exp. Plan Extra: 2024076242)

A subvención solicitada de 117.698,05 € financia 97.530,72 € de execución de obra, 1.775,14 € de honorarios de dirección de obra, 726,19 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde e 17.666,00 € de honorarios de redacción de proxecto.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Portas* , á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



18.34981.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PORTAS, AO ABEIRO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (II PEID), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE ROMAR”.
(Expte.2025003509)

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse a repartición do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.
- En data 21/01/2025, dentro formalmente en e prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro WEB2025003873) dunha petición do Concello de Portas na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 92.766,19 euros, co obxecto do financiamento da obra “*Ampliación de vestuarios no campo de fútbol de Romar*” (Expte. 2025003509) cuxo orzamento ascende a 92.785,00 euros.
- En datas posteriores, o Concello de Portas emenda e completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- O investimento proposto conta co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 14/03/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/03/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Portas*, CIF: P3604000D, unha subvención, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), por importe de 92.766,19 € co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación de vestuarios no campo de fútbol de Roma*” (Expte.2025003509), en base a un orzamento que ascende a 92.785,00 €, debendo co-financiar a entidade municipal 18,81 €. Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica, as autorizacións sectoriais Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e da Consellería de Medio Rural (Servizo de Infraestruturas Agrarias e Servizo de Montes), así como a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 2026 de 22/10/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme as bases 19ª e 26ª das reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), o investimento subvencionado deberá estar executado o 30/04/2026 e xustificado a 30/09/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Portas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

19.34982.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DRENAXE EN NORES - STO. ADRIÁN DE COBRES (VILABOA)”, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2024 LIÑA 1 INVESTIMENTOS, CONCELLO DE VILABOA. (Expte.2024021694)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante acordo da Xunta de Goberno, núm.9.33836, de data 24/05/2024, concedeuse ao *Concello de Vilaboa* no marco do Plan +Provincia 2024 liña 1, polo procedemento de concorrncia non competitiva, unha subvención por importe de 186.308,50 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da seguridade viaria e drenaxe en Nores - Sto. Adrán de Cobres (Vilaboa)*” Expte.2024021694, cun orzamento de 186.308,50 €.

En data 13/03/202, ten entrada no rexistro da Deputación (WEB2025017227), instancia xenérica do *Concello de Vilaboa* na que solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento “*mellora da seguridade viaria e drenaxe en Nores - Sto. Adrán de Cobres (Vilaboa)*”.

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 32ª do Plan + Provincia 2024 liña 1; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/03/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 32ª reguladora do Plan +Provincia 2024 liña 1, relativa os excesos de medición e modificación dos contratos, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación, e redactar un proxecto modificado.
Ase mesmo a base 32ª contempla que cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o Concello empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado, de contar con ela.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/03/2025, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 17/03/2025, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 19/03/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado e de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria e drenaxe en Nores - Sto. Adrán de Cobres (Vilaboa)*” (Expte.2024021694), financiada no marco de Plan +Provincia 2024 Liña 1 investimentos, cun orzamento de execución por contrata de 209.724,02 €, aplicando o coeficiente da baixa de adxudicación (7,59%), resulta un orzamento a prezo de adxudicación de 193.805,97 €, quedando o cadro de financiamento da devandita obra tal e como se reflicte deseguido:

Orzamento De adxudicación do modificado	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios do concello
193.805,97€	186.308,50€	0,00€	7.497,47€

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello Vilaboa*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

20.34983.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “*LE CER EN FAMILIA*”, ANO 2025. (Expte.2025008471)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.



Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar á familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

O programa Lecer en Familia, destinado a familias empadroadas na provincia de Pontevedra, configúrase como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais e crear tempo de lecer de calidade no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

Ademais, este programa configúrase como un dinamizador da economía da provincia que impulsa a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

2º.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

3º.- A finalidade do programa é reforzar lazos familiares nun ambiente de convivencia que permite desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para toda a familia, xa que serve como actividades para mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e autoconfianza, ao tempo que fomenta o desenvolvemento da autonomía.

O ámbito temporal de execución do programa será entre o cuarto trimestre do ano 2025 e o primeiro trimestre do 2026.

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.



A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, e que contará con persoal cualificado.

4º.- Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

Ademais do anterior, os membros da unidade familiar que desexen participar deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola persoa ou persoas adultas, fillas e fillos ou maiores que convivan de xeito permanente ou temporal coa persoa solicitante.

Así mesmo, terán a consideración de fillas e fillos aqueles que estean en situación de garda con fins adoptivos e en acollemento familiar.

As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.
- No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados necesarios.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5º.- A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrència non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

A adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá Concederse mediante resolución do presidente.

6º.- Ofértanse 2.957 prazas nos seguintes termos:

- 2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 € do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 € para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.
- 50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.



Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV). Se non se cubrisen as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

7º. A contía prevista para esta convocatoria é de cento setenta e nove mil cento corenta e tres con cincuenta euros (179.143,50€), con cargo á aplicación 25/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

8º.- Con data 27/02/2025 Secretaría Xeral emite informe xurídico de conformidade coa proposta de bases (CSV NSZME69QOWELTNDM) e con data 07/03/2025 o Servizo de Intervención informe favorablemente o expediente (CSV U65MNCD1CUO2AVIW).

De cordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras do Programa “Lecer en familia” para o ano 2025.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): 4CZXD5GZGVNVPXFFV.

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>.

21.34984.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E ACTUALIZACIÓN DO ANEXO I DO PROGRAMA “+ BENESTAR”, ANO 2025. (Expte.2024066968)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, acordou a aprobación das “*Aprobación das bases reguladoras do Programa “+ Benestar” para o ano 2025.*”

2º.- O *Concello de Baiona* presentou con data 25 de febreiro de 2025 e número de rexistro WEB2025011605 a solicitude de adhesión como entidade colaboradora do programa + Benestar.

3º. Con posterioridade a aprobación das bases reguladoras, dende o Servizo de Benestar Social detectouse a conveniencia de mellorar a redacción e contido da base décimo terceira relativa ao “Procedemento de concesión das prazas”. Con data 11 de marzo de 2025 a xefa do servizo informou a proposta de modificación desta base así como a actualización do Anexo I- Entidades colaboradoras coa inclusión do *Concello de Baiona*.

4º. Con data 17/03/2025 a Xefa do servizo de Intervención asina a dilixencia de conformidade coa proposta de modificación da base decimo terceira e a actualización do anexo I relativo ás entidades colaboradoras do programa (CSV XY6LMKT6DCJHWDTG).



De cordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación da base décimo terceira das bases reguladoras do Programa “+ Benestar” para o ano 2025 como se indica:

Onde di “(…)”

Décimo terceira. Procedemento de concesión das prazas:

A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrència competitiva. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse por resolución da deputada delegada da área, que lle dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

- **Réxime xeral.** O procedemento de concesión das 2.097 prazas de réxime xeral levarase a cabo na seguinte orde:

- 1) *Persoas que precisen dun respiro familiar e que o acrediten.*
- 2) *Residentes nos concellos colaboradores do programa “+Benestar” 2025.*
- 3) *Se persistise o empate e houberse máis solicitudes que prazas para adxudicar, a concesión realizarase por orde de presentación de solicitudes.*
- 4) *Se houberse máis solicitudes que prazas coa mesma data de rexistro de entrada, o desempate farase por sorteo.*

- **Réxime especial.** O procedemento de concesión das 30 prazas reservadas levarase a cabo na seguinte orde:

- 1) *A concesión realizarase por orde de presentación de solicitudes.*
- 2) *Se houberse máis solicitudes que prazas coa mesma data de rexistro de entrada, o desempate farase por sorteo.*

Tendo en conta o anterior, inicialmente cubrirase un máximo de 2.127 prazas e as demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de agarda.”

Debe dicir:

“Décimo terceira. Procedemento de concesión das prazas:

A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrència competitiva. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social. A adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá Concederse mediante resolución do presidente.

- **Réxime xeral.** O procedemento de concesión das 2.097 prazas de réxime xeral levará a cabo na seguinte orde:

- 1) *Persoas que necesiten un respiro familiar e que o acrediten.*
- 2) *Residentes nos concellos colaboradores do programa “+Benestar” 2025.*
- 3) *Residentes dos concellos non colaboradores do programa “+Benestar” 2025.*

Se houberse máis solicitudes que prazas para adxudicar, a concesión realizarase por orde de presentación de solicitudes. Se houberse máis solicitudes que prazas coa mesma data de rexistro de entrada, o desempate farase por sorteo.

- **Réxime especial.** O procedemento de concesión das 30 prazas reservadas para os concellos colaboradores do programa “+Benestar” realizarase por orde de presentación de solicitudes.

Se houberse máis solicitudes que prazas coa mesma data de rexistro de entrada, o desempate farase por sorteo.

Tendo en conta o anterior, inicialmente cubrirase un máximo de 2.127 prazas e as demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de espera. “

- Aprobar a actualización do Anexo I – Entidades colaboradoras do programa coa incorporación do Concello de Baiona.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): W1PQYC6PBTTXY024 e o Anexo I (Entidades colaboradoras) co (CSV): HNW8G0M7CG6TTGPX.

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>



22.34985.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-1202 SEIXO-SAN TOMÉ DE PIÑEIRO, DENDE O P.Q. 0+800 AO P.Q. 3+050 (CONCELLO DE MARÍN)”.
(Expte.2024059095)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 1202 Seixo-Santo Tomé de Piñeiro que percorre o termo municipal de Marín pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.155 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 0+800 ó P.Q. 3+050 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a reposición das características superficiais dos firmes, mellora da drenaxe lonxitudinal, e operacións complementarias da reposición da sinalización vertical e horizontal afectada, dando así restitución de un correcto servizo para todo o vial.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona María Belén Pampín Camino, enxeñeira adscrito ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*” cun orzamento base de licitación de 608.455,43 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: EVTTQJW0G0T7OIJ4.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000005256 por importe de 608.455,43 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 certificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/02/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*” redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Belén Pampín Camino, cun orzamento base de licitación de 608.455,43 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: EVTTQJW0G0T7OIJ4.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: FCMMWKZW37ROI4RC informe xurídico no que se recolle que se estima que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: MURGIG96BH0Z664L, informe de fiscalización no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)”* cun orzamento base de licitación de 608.455,43€ IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	502.855,73 €
IVE (21%).....	105.599,70 €
Importe Total.....	608.455,43 €
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 8IAA6VCGWVCWCSTY, e de prescricións técnicas con código (CSV) EVTTQJW0G0T7OIJ4, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 608.455,43 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

23.34986.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DO PLAN DE MEDIOS, IMPRESO E DIXITAL, DA BIENAL DE ARTE DE PONTEVEDRA PARA A EDICIÓN DO ANO 2025”. (Expte.2024081007)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, como entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro do marco das competencias que lle son propias, ten como fins propios e específicos o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, de conformidade co establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. Concretamente, no artigo 36.1.d) establécese que a institución provincial é competente en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Asemade, o artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, como institución patrocinadora da arte na provincia dende mediados do século XIX, inclúe na proposta de actividades do Museo para o ano 2025 a recuperación da Bienal de Arte de Pontevedra, a modo de promoción do intercambio cultural, do diálogo e a colaboración entre artistas locais, nacionais e internacionais. A Bienal terá lugar en Pontevedra entre o 21 de xuño e o 30 de setembro de 2025, baixo un título que resume a filosofía da exposición: *“Volver a ser humano. Ante a dor dos demais”*.

Considerando o anterior e dada a importancia da exposición, dos recursos destinados a poñela en marcha, a época do ano na que se vai a levar a cabo e a súa condición de exposición temporal, o Museo de Pontevedra quere promocionar a Bienal de Arte de Pontevedra e darlle a máxima repercusión e visibilidade para convertela nun elemento destacable e a ter en conta dentro da oferta turística da provincia durante o período estival de 2025.

Resultando.- Que na actualidade o Museo de Pontevedra non conta no seu cadro de persoal co persoal técnico cualificado nin cos medios técnicos precisos para realizar este servizo, feito polo que o servizo descrito no obxecto do contrato non pode acometerse con recursos técnicos e humanos propios.

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 28 de xaneiro de 2025 e CSV: H2458B0SCOJ9P8O3, a xefa de xestión do servizo de Museo de Pontevedra, emite informe no que, co visto e prace do deputado delegado, propón a contratación do *servizo de xestión integral do Plan de Medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025*. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación.

Resultando.- Que, con data 30 de xaneiro de 2025, a xefa de xestión do Museo de Pontevedra emite informe complementario mediante o cal se corrixen algúns aspectos contemplados na providencia de inicio (CSV: ABKT6DQR8BGXXOM1).

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que visto o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 17 de febreiro de 2025 e CSV: 4IWL0SM3BB43XG3T e as observacións contidas no mesmo.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que tendo en conta o informe complementario emitido pola xefa do xestión do servizo do Museo de Pontevedra, de data 12 de marzo de 2025 e CSV: SQ7HP7JL1RHYXQLI, no que se sinala que as obrigas derivadas do presente contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 25/333.3341.226.02 (proxecto de gasto 24_0019 *“Bienal de arte”*) do vixente orzamento provincial.

No obstante, a financiamento do presente contrato levarase a cabo con fondos procedentes da formalización do *“Convenio entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para o financiamento das actividades a realizar dentro do marco da Bienal de Arte de Pontevedra”* (Expte. 2025004128) e con fondos propios da Deputación de Pontevedra, a través da aprobación dunha suplementación de crédito por importe de 120.000,00 €.



Resultando.- Que pola intervención, con data 13 de marzo de 2025 e CSV: 7YKVCR3JYHWKNO2W, infórmase favorable indicando que na data actual non existe crédito suficiente para aprobar o gasto, quedando condicionado, a efectos da obtención de crédito adecuado e suficiente, á aprobación do expediente de xeración de crédito, derivado da formalización do referido convenio, así como á aprobación do expediente de suplementación de crédito, adoptada mediante acordo do Pleno da Corporación.

Asemade, contempla as seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense criterios avaliábeis mediante xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é tan elevado e que, ao mesmo tempo, son un tanto imprecisos, fai difícil a posterior comparación entre as ofertas polo que, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio”.

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 19 de marzo de 2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizos os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que tendo en conta o disposto no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante.

Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Considerando-. Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de xestión integral do Plan de Medios, impreso e dixital, da Bienal de Arte de Pontevedra para a edición do ano 2025*”, pola cantidade máxima de 250.000,00 € (21% IVE engadido), conforme ao seguinte detalle:

Importe total, sen IVE	IVE (21%)	Importe total (co IVE)
206.611,57 €	43.388,43 €	250.000,00 €

O valor estimado é de 206.611,57 €.

O prazo de duración será de 9 meses, a contar dende a data de formalización do contrato debendo de finalizar, en todo caso, o día 30 de decembro de 2025, tendo en conta que a Bienal terá lugar en Pontevedra entre o 21 de xuño e o 30 de setembro de 2025.

Asemade, establécense os seguintes prazos de execución parciais:

- A presentación da proposta de planificación do Plan de Medios realizarase no prazo de 15 días hábiles, a contar dende a data de formalización do contrato.
- A proposta de seguimento, control e avaliación da execución do plan de medios, a cal presentárase unha vez acordada a proposta de planificación.
- A presentación do informe de avaliación final de resultados realizarase no prazo de 1 mes, a contar dende a clausura da Bienal.

Non se prevén prórrogas para esta contratación.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: FWI3PS2TP3CKNDMV) e de prescricións técnicas (CSV: H8OXLZLQEONHUP8W) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 250.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/333.3341.226.02 do vixente orzamento provincial.



Non obstante, na data actual non existe crédito suficiente para afrontar o gasto, se ben o seu financiamento se levará a cabo mediante a xeración de crédito derivado da formalización do “*Convenio entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para o financiamento das actividades a realizar dentro do marco da Bienal de Arte de Pontevedra*” (Expte. 2025004128) actualmente en tramitación, así como mediante fondos propios da Deputación de Pontevedra, para o cal está previsto levar a cabo unha suplementación de crédito de 120.000,00€ na aplicación orzamentaria 333.3341.226.02 Publicidade e propaganda (proxecto de gasto 24_0019), estando esta última pendente de aprobación por parte do Pleno da Corporación.

Polo tanto, a adxudicación deste contrato quedará condicionada á obtención de crédito adecuado e suficiente, quedando o financiamento suxeito á tramitación e aprobación dos expedientes mencionados.

4.- Nomear responsable do contrato á xefa de xestión do Museo de Pontevedra ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

24.34987.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “+ RUEIRO””. (Expte.2024082688)

Segundo se indica na Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, “*as Deputacións Provinciais de réxime común e de réxime foral, así como os cabidos e consellos insulares, constitúense como elementos esenciais na organización territorial do Estado, xunto ás comunidades autónomas e os municipios. Destaca a súa competencia relativa á asistencia e á cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios co obxecto de que os mesmos implanten e presten en adecuadas condicións os servizos municipais mínimos establecidos legalmente, constituíndo dita función cooperadora o «núcleo da autonomía provincial» (STC 109/1998, do 21 de maio)”*”.

En particular, o artigo 60.2 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial, aprobado polo Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, establece, en relación coa xestión do padrón municipal, que «*As Comunidades Autónomas uniprovinciais, Deputacións Provinciais, Cabidos e Consellos Insulares apoiarán técnica e economicamente (...) aos municipios do seu ámbito xeográfico, e asumirán a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa menor capacidade económica e de xestión, non o leven efectivamente así*».

Sendo, como se expresou, os municipios os beneficiarios directos da principal actividade que levan a cabo as deputacións, o impulso provincial dos proxectos de transformación dixital e modernización do padrón municipal das entidades locais permitirá que os diferentes municipios poidan implantar e prestar, coas adecuadas condicións, os servizos municipais, aumentando a eficacia e eficiencia do seu funcionamento con base nos principios básicos das relacións interadministrativas como son a colaboración, cooperación, interoperabilidade e reutilización de solucións dixitais, á que se refire o artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



Neste marco competencial, e á vista da necesidade de acometer a transformación dixital e modernización da administración local para levar a cabo o censo de vivendas, a Deputación de Pontevedra contando co compromiso da maior parte dos municipios da provincia (59), considera idóneo levar a cabo a execución do proxecto “+ RUEIRO” no marco da Orde TED/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Deputación de Pontevedra presenta unha insuficiencia de recursos humanos propios coa especialización requirida para facer fronte a dita necesidade, da mesma forma que as prestacións para realizar non encobren unha relación estatutaria.

En base ao exposto, con data 20/12/2024, a xefa do servizo de cooperación e a Deputada Delegada de Fondos Europeos, Innovación e axenda dixital dictaron providencia de inicio solicitando a contratación do servizo de execución do proxecto “+ Rueiro. O contrato proposto ten un prazo de duración de 8 meses. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 13/02/2025, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 13/02/2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 21/02/2025.

Visto que con data 24/02/2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto que segundo se informa pola intervención nas aplicacións orzamentarias 25/942.9321.652.00.2024 e 25/942.9321.652.00, dentro do proxecto de gasto 92410001 +RUEIRO, existe crédito dispoñible por importe total de 1.500.000,00 € para facer fronte a este gasto.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola intervención con data 20/03/2025 no que se pon de manifesto como observación que en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do servizo de execución do proxecto “+ Rueiro”.

O prazo de duración será de 8 meses, contado desde a data de formalización do contrato.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 1.500.000,00€.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 4AXG5C63J7N27QEH) e de prescricións técnicas (CSV: 213DSCEP5O7X1XHX) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.500.000,00 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/942.9321.652.00.2024 ou na vinculación xurídica dentro do proxecto de gasto 92410001 “+ Rueiro”	300.000,00 €
	25/942.9321.652.00 ou na vinculación xurídica dentro do proxecto de gasto 92410001 “+ Rueiro”	1.200.000,00 €
Importe total		1.500.000,00 €



4.- Nomear responsable do contrato a Alejandro Marín Gómez-Nieves, Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Cooperación, ou persona na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais contados desde a data de envío do anuncio de licitación a Oficina de publicacións da Unión Europea.

25.34988.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA S.L., PARA PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DA COCIÑA E COMEDOR DO CAMPAMENTO DA LANZADA”. (Expte.2023062397)

Na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de restauración e limpeza da coziña e comedor para o campamento da Lanzada* á empresa *Alimentación Saludable Gallega, S.L.* (B27831783), polos prezos e valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 22 de abril de 2024 e o prazo máximo de duración é dun (1) ano, a contar dende a data de formalización do mesmo, debéndose executar as súas prestacións entre o 19 de xuño e o 10 de setembro do 2024, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 10 de febreiro de 2025, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 23 de abril do 2025 ata o 22 de abril do 2026.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 07 de febreiro de 2025 (data de comparecencia: 07/02/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.



Tendo en conta que, con data 17 de febreiro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 12025000021786, polo importe de 170.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/233.3370.227.20, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2025.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 17 de marzo do 2025 (CSV: NLDCHQY2HH8EBKL5), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da Lanzada por un ano, desde o 23 de abril do 2025 ata o 22 de abril do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 23 de abril do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato para a prestación do “*Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da Lanzada*” subscrito coa empresa *Alimentación Saludable Gallega, S.L.* (B27831783), durante o período desde o 23 de abril do 2025 ata o 22 de abril do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/233.3370.227.20	170.500,00 €

26.34989.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA DARLIM S.L., PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS E PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA E PRODUTOS DE LAVADO INDUSTRIAL PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”. (Expte.2022058149)

Na sesión ordinaria do día 17 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato relativo á “*Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe*” á empresa DARLIM, S.L. (B36612562) polos prezos e valores ofertados conforme o reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse para cada un dos lotes en documentos administrativos de data 18 de abril de 2023, sendo o prazo de duración dun ano desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas dunha anualidade de duración cada unha.



A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2024, a primeira prórroga do contrato de “*Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe*” dende o 18 de abril do 2024 ata o 17 de abril do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 4 de marzo de 2025, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos dende o 18 de abril do 2025 ata o 17 de abril do 2026.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 10 de febreiro de 2025 (data de comparecencia: 10/02/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 11 de marzo do 2025, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender as obrigas que se deriven da presente prórroga deste contrato (CSV: CWZJXH0YAREHMDOV).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 17 de marzo do 2025 (CSV: U35A7NAIGHQDO8QN), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato que rexe a “Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe” por un anualidade, desde o 18 de abril do 2025 ao 17 de abril do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 18 de abril do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación da segunda prórroga do contrato que rexe a “*Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe*” subscrito coa empresa *DARLIM, S.L.* (B36612562), durante o período que vai desde o 18 de abril do 2025 ao 17 de abril do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

LOTE 1:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (CON IVE)
2025 (8 meses e 13 días)	25/232.2312.221.10	23.464,02 €
2026 (3 meses e 17 días)	26/232.2312.221.10	9.923,51 €

LOTE 2:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (CON IVE)
2025 (8 meses e 13 días)	25/232.2312.221.10	14.135,08 €
2026 (3 meses e 17 días)	26/232.2312.221.10	5.978,08 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2026 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

27.34990.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA VIAJES HALCÓN S.A. PARA A “XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA + BENESTAR”. (Expte.2024017786)

Na sesión ordinaria do día 12 de xullo de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024*” á empresa *Viajes Halcón S.A.* (A-10005510), segundo o detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 7 de agosto de 2024, sendo o prazo de duración de dous anos contados desde ese día ata o 31 de decembro de 2024, con posibilidade dunha prórroga dunha anualidade de duración.

A referida prórroga aprobouse mediante acordo da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria de data 20 de decembro de 2024, resultando o día 31 de decembro do 2025 como data de vencemento deste contrato.



Con data 26 de febreiro de 2025, a responsable do contrato emite informe no que se indica o seguinte:

“..7º.- Atendendo a organización e distribución dos grupos de saídas, o volume de persoas participantes no que no ano 2024 máis dun millar de persoas quedaron en lista de agarda, e sumado a que os hoteis non ofrecen dispoñibilidade en datas distintas á tempada baixa que se ve limitada aos meses de novembro a marzo (os meses de setembro e outubro para moitos establecementos considérase tempada alta), isto fai que se limite a capacidade de aloxamento en localidades como Sanxenxo, A Toxa e Mondariz, establecementos que normalmente son os máis demandados polas persoas participantes neste programa. Adicionalmente cabe sinalar a maiores da limitación da dispoñibilidade dos establecementos hoteleiros, a falta de guías turísticos e monitores nos meses de tempada alta, así coma de empresas de autocares. Todo isto supón que a empresa adxudicataria de setembro a decembro de 2025 non poida garantir a continuidade do servizo nas condicións actuais do contrato.

8º.- Resultando preciso a execución do programa +Benestar 2025 no período aprobado en bases, cuarto trimestre de 2025 e primeiro trimestre de 2026, e que Viajes Halcón S.A está cumprindo todas as especificación previstas tanto no PCA como no Prego de Prescricións Técnicas e está executando o contrato dende a data da súa formalización, no relativo a promoción e difusión do programa, achegando a documentación necesaria respecto as saídas programadas, recursos humanos, traslados en autobuses, entrega de material do programa, etc... , e que a execución por parte da empresa ata o momento realizouse de forma satisfactoria sen que se producise ningunha incidencia de relevancia imputable á mesma, solicítase a ampliación do prazo de execución do contrato administrativo durante o período que vai desde o 01 de xaneiro do 2026 ata o 31 de marzo do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.”

Resultando que a empresa contratista achegou, con data 11/03/2025 e Rexistro web nº WEB2025016509, a súa conformidade expresa coa ampliación do contrato polo período que vai dende o 01 de xaneiro de 2026 ata o 31 de marzo de 2026.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 17 de marzo do 2025 (CSV: QZJTXOGIWKC5FE6W), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en TRES (3) MESES, sendo en todo caso a data de finalización deste contrato o 31/03/2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31 de decembro do 2025.”

Considerando que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo de execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación Concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *Viajes Halcón S.A.* (A-10005510) unha ampliación de prazo de execución de TRES (3) MESES para o contrato que rexe a prestación do servizo de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR*”, abarcando esta o período que vai desde o 01 de xaneiro do 2026 ata o 31 de marzo do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

28.34991.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2025002011 DE DATA 19 DE MARZO DE 2025, POLA QUE SE RECTIFICA O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS REGULADOR DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NA BIENAL DE PONTEVEDRA”. (Expte.2025001191)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de marzo de 2025. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Visto que unha vez publicados os pregos, advírtese que no apartado 5.3 do prego de cláusulas de prescricións técnicas, se indica que “a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha delegación na Provincia de Pontevedra, legalmente rexistrada, con todos os requisitos esixidos polo Ministerio de Interior e a correspondente autorización da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil”, a Presidencia decide avocar puntualmente a competencia delegada na Xunta de Goberno, para rectificar a cláusula 5.3 do prego de prescricións técnicas, reiniciando o prazo de presentación de proposicións, mediante Resolución Presidencial número 2025002011, de data 19 de marzo de 2025, co seguinte contido literal:

“O Presidente, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de marzo de 2025. Na mesma data, publicanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Unha vez publicados os pregos, advírtese que no apartado 5.3 do prego de cláusulas de prescricións técnicas, se indica que “a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha delegación na Provincia de Pontevedra, legalmente rexistrada, con todos os requisitos esixidos polo Ministerio de Interior e a correspondente autorización da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil”.

Considerando que o TACGAL, mediante resolución nº 39/2025, ven de estimar o recurso interposto pola empresa Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) contra os pregos reguladores da contratación do Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra (Expte. 2024043090), ante unha cláusula similar a indicada no apartado anterior.

Visto o informe de data 19 de marzo de 2025 do Xefe de Servizo de Contratación (CSV: LPRGY80ZFSV8EZ2Z), no que, a modo de conclusión, sinala que:

Tendo en conta a necesidade de dispoñer dos servizos obxecto deste contrato para o 1 de xuño de 2025, e prevendo que se poidan interpoñer recursos contra os pregos de non eliminar a citada cláusula, que retrasen a adxudicación deste procedemento, faise necesario a rectificación do prego de prescricións técnicas para emendar a deficiencia advertida no referente a dispoñibilidade de delegacións legalmente rexistradas na provincia de Pontevedra, e reiniciarse o prazo para a presentación de ofertas.

Tendo en conta que o artigo 124 LCSP establece que “O órgano de contratación aprobará (...), os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que baxan de rexer a realización da prestación e definan as súas calidades, as súas condicións sociais e ambientais, (...), e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego conlevará a retroacción de actuacións”.

Tendo en conta o artigo 109.2, da Lei 39/2015, 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, no que establece que “As administracións públicas poderán asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritmético existente nos seus actos”.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, segundo o cal, nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerárquicamente, o órgano delegante poderá avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda por delegación, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. En todo caso, a avocación realizárase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite. Contra o acordo de abocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.

Tendo en conta que o artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o órgano delegante poderá avocar en calquera momento a competencia delegada con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16ª,

RESOLVO:

1.- Avocar puntualmente a competencia delegada pola Presidencia nas Bases de Execución do vixente orzamento provincial (base 16.2.a), a favor da Xunta de Goberno, para actuar como órgano de contratación no procedemento aberto seguido para a adxudicación do contrato de “Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra”.

2.- Aprobar o prego de cláusulas de prescricións técnicas co CSV: UWMP9E09MDBPQ2NT, que rectifica a cláusula 5.3 do prego, eliminando a existencia de dispoñer dunha delegación na provincia de Pontevedra, permanecendo o resto do clausurado invariable; e substituíndo o anterior prego, co CSV: 5ZOSTA6RTI401TSR.

3.- Reiniciar prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación rectificado no perfil do contratante.

No caso de que algunha empresa interesada houbera presentado oferta durante o prazo anterior, deberá volver a presentala neste novo prazo, conforme aos pregos rectificandos neste acordo.

4.- Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno, na primeira sesión que celebre.

Documento asinado electronicamente.

Contra o acordo de abocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpoñase contra a resolución do procedemento.

Contra o acordo de rectificación do prego administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da citada Lei, no prazo de 15 días hábiles. O devandito prazo computarase:

- Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.*
- Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado os mesmos ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.*

Este recurso poderá interpoñerse ante o órgano de contratación ou ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).

Ou ben directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contando desde a recepción desta notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.”



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Toma coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2025002011, de data 19 de marzo de 2025, que rectifica a cláusula 5.3 do prego de prescricións técnicas regulador do procedemento aberto seguido para a adxudicación do contrato de “*Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra*”, substituíndo o anterior prego (CSV: 5ZOSTA6RTI401TSR), polo prego de prescricións técnicas co CSV: UWMP9E09MDBPQ2NT, e reinicia o prazo de presentación de proposicións.

29.34992.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0506 CURRO-PORTELA (BARRO)”. (Expte.2020051093) (Devogaran 2024080081)

Por acordo número 10.30278 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 7 de maio de 2021 (CSV.- 8CIMMLXRH02EB8JR), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de obra de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 0506 Curro-Portela (Barro)*”. (Expte.2020051093).

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Construcciones Enrique C. Casas, S.L.* (B36.147.429), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L. (B-36.147.429)	16.532,17€	202100079236	26/04/2021

Igualmente, neste acordo da Xunta de Goberno número 6.30148 adxudicouse á empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.* (CIF B-81.470.841), o contrato derivado do “*Acordo marco que rexe a prestación do Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra -Zona Centro (CD 2020051093/1)*”.

Para garantir a correcta realización deste servizo de “*Seguridade e Saúde*” a entidade mercantil *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.*, presentou unha garantía por importe de sesenta e sete euros con cincuenta céntimos (67,50€), constituída pola empresa.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 9KACCHXBPNQDRCNO), no cal sinala que “(...) *procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de dezaseis mil cincocentos trinta e dous euros con dezasete céntimos (16.532,17 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100079236 de data 16/04/2021.*

No relativo ao contrato derivado de seguridade e saúde (Expte.2020051093/1) para as obras de referencia adxudicado á empresa Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L. (CIF. B81470841), tamén procede a devolución da garantía constituída por dita empresa por importe de sesenta e sete euros con cincuenta céntimos (67,50 €) xa que os traballos foron realizados satisfactoriamente. (...).



Resultando que no expediente figuran informes emitidos pola Intervención (CSV.- HCUQ4WMGHRCP8PYD e GFLD2S4GJE75DQM3), nos cales indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte das entidades mercantís *Construcciones Enrique C. Casas, S.L.* e *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 0506 Curro-Portela (Barro)*” (Expte. 2020051093), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Construcciones Enrique C. Casas, S.L.* (B-36.147.429), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- A constituída mediante aval de BBVA, por importe de dezaseis mil cincocentos trinta e dous euros con dezasete céntimos (16.532,17 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 26/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100079236.

Terceiro.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.* (B-81.470.841), por resultar adxudicataria do contrato de “*Seguridade e Saúde*” do contrato de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 0506 Curro-Portela (Barro)*”, que é a seguinte:

- A constituída en metálico, por importe de sesenta e sete euros con cincuenta céntimos (67,50 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 14/05/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100099979.

30.34993.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MONFORTE, S.A., PARA RESPONDER DO CONTRATO DERIVADO LOTE 1 AM <SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR EN RÉXIME DE ALUGUER PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. CENTRO PRÍNCIPE FELIPE>”. (Expte.2022015502)(Devogaran 2024064880)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021 (CSV.- 3REGM52T096YU3AN), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar os lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020044426).



Dentro deste Acordo Marco, por Resolución Presidencial número RP2022002476, de data 01 de abril de 2022 (CSV.- UUI2QZ19BBW03TTF), adxudicouse o Contrato Derivado 07, de dito Acordo Marco (Lote 1. CPF / 2022015502).

Para responder da realización do Contrato Basado 2022015502, que compuxo este subministro, a entidade mercantil *Empresa Monforte, S.A.* (CIF.- A-15.019.243), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EMPRESA MONFORTE, S.A. (A-15.019.243)	2022015502/07	679,80€	202200069073	06/04/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Centro Príncipe Felipe (CSV.- 7ISMXCXQTUUIPSNF), no cal sinala que *Empresa Monforte, S.A.*, “(...) *cumpriu satisfactoriamente co obxecto do mesmo, realizando a totalidade da prestación, executándose o contrato a satisfacción da Administración, e non existindo obrigas pendentes de cumprimento, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte de *Empresa Monforte, S.A.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Basado número 2022015502-07 do Acordo Marco convocado para regular a contratación da “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2020044426), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *Empresa Monforte, S.A.* (A-15019243), por resultar adxudicataria de dito *Contrato Derivado*:

- A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de seiscientos setenta e nove euros con oitenta céntimos (679,80 €), para responder do (Lote 1. CPF / CD2022015502), que foi depositada na Tesourería Provincial o 06/04/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200069073.



31.34994.- APROBACIÓN DE ACTUACIÓNES AUTORIZADAS AOS CONCELLOS DA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PROGRAMA +MÚSICA
2025. (Expte.2025003603)

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión que tivo lugar o 7 de febreiro de 2025, aprobou as bases reguladoras do programa “+Música” para o ano 2025, de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, que se publicaron no BOPPO núm. 29 de 12 de febreiro de 2025.

Poden beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

Segundo.- Tal como figura na base sexta da convocatoria, os concellos destinatarios poden solicitar a autorización dun máximo de dúas actuacións a desenvolverse entre o 15 de abril e o 31 de decembro de 2025. As actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos do seguinte xeito:

- A Deputación de Pontevedra aboará o 100% do caché do espectáculo do grupo ou artista, previa tramitación do expediente de contratación correspondente
- O concello aboará a produción da actuación (equipos de son, luz, escenario e demais medios necesarios para o seu desenvolvemento).

Terceiro.- Segundo se establece nas bases, os concellos interesados deberán presentar unha única solicitude na que elixirán a actuación dun ou dous grupos ou artistas con cargo ao Programa +Música, seleccionarán dous grupos ou artistas, por orde de preferencia e tamén indicarán a data ou datas previamente acordadas co grupo ou grupos que solicitan e xunto coa solicitude achegarán a conformidade dos grupos que van a realizar a actuación para a data ou datas indicadas.

No caso de seleccionar unha soa actuación, se o grupo ou artista elixido como primeira opción ten un caché superior a 12.000,00 €, o concello solicitante deberá seleccionar como segunda opción un grupo ou artista con caché inferior a 12.000,00 €.

No caso de seleccionar dúas actuacións, a suma dos cachés dos grupos ou artistas elixidos non poderán superar o importe de 12.000,00 €.

Cuarto.- Os concellos tiñan de prazo desde o 20 de febreiro de 2025 ata o 5 de marzo de 2025, ambos incluídos, para presentar solicitudes de actuacións con cargo a dito programa, tal como se recolle na base oitava da convocatoria.

Quinto.- En consecuencia e á vista da presentación de solicitudes por parte dos concellos da provincia e de acordo cos criterios de adxudicación das actuacións, establecidos na base décimo terceira, confecciónase o listado das agrupacións que lles corresponden a cada concello e establécese o caché a aboar pola Deputación a cada grupo, que servirá para o prezo do correspondente contrato.

Sexto.- Vistos os informes favorables xurídico e o de Intervención de data 7 de marzo de 2025 con CSV: U5AZ8WAC1VP6KRL0.



Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Bases reguladoras para o ano 2025 do Programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 29 de 12 de febreiro de 2025).

Segundo.- A competencia para a aprobación das actuacións autorizadas a cada concello da provincia corresponde á Xunta de Goberno, tal como se recolle na base décimo cuarta da convocatoria.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a relación de actuacións autorizadas a cada concello da provincia con cargo ao *Programa “+Música”* 2025 e que figuran na relación con CSV: L1UCAO31SD76HY2H.

32.34995.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA BANDA DE MÚSICA DE LALÍN PARA A “LIÑA 2: INTERCAMBIO CULTURAL COA BANDA DE MÚSICA DE ALBA DE TORMES (SALAMANCA) DO CONCELLO DE LALÍN”, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024. (Expte.2024045466)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 21 de maio de 2024, aprobou as “*bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024*” (Acordo núm. 2.33790) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102 de 27 de maio de 2024.

Segundo.- En data 25/06/2024, Antonio Batán Fernández, en representación da Banda de Música de Lalín (NIF: G-36.041.515) presenta solicitude para “Liña 2: Intercambio cultural coa banda de Música de Alba de Tormes (Salamanca)”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 7.150,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 11 de outubro de 2024, (Acordo núm. 3.34250) acordou Concederlle á *Banda de Música de Lalín*, do *concello de Lalín* (NIF:G-36.041.515) unha subvención de 1.033,51€ para “Liña 2: Intercambio cultural coa banda de Música de Alba de Tormes (Salamanca)” con cargo á aplicación orzamentaria 24/.330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 21/10/2025 e número de rexistro WEB2024064892, a Banda de Música de Lalín do *Concello de Lalín*, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder realizar o intercambio cultural por circunstancias alleas á asociación.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 23/12/2024 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola *Banda de Música de Lalín* (NIF: G-36.041.515) documento con CSV: 4D5DCBNTV2F05KUS.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Banda de Música de Lalín, do Concello de Lalín* (NIF:G-36.041.515) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.033,51 € para a realización da actividade da “*Liña 2: Intercambio cultural coa banda de Música de Alba de Tormes (Salamanca)*” (documento co CSV:F0NBQRVKVI6OASST).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

- En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.



A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o *Concello de Vilanova de Arousa* presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 para o desenvolvemento do xogo multiplataforma de dinamización da lingua “Pasos e pistas”.

Dado que non se ven prejudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 7 de febreiro de 2025 (CSV: TS717YS50IV9RZBU) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 12 de febreiro de 2025 (CSV: M9AXNA60OJJ7MBZH), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Vilanova de Arousa* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 para o desenvolvemento do xogo multiplataforma de dinamización da lingua “Pasos e pistas”. (Expte. 2024035674).
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.

40.35003.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES, DO CONCELLO DE NIGRÁN, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PUBLICACIÓN “*VERBAS VIVAS. RUTA LITERARIA POR VIGO E VAL MIÑOR*”, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024. (Expte.2024024818)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (acordo núm. 2.33478), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 26 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 40).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 (acordo núm. 7.33999), acordou Concederlle á Fundación Carlos Casares (CIF: G36907244) unha achega de 3.500,00 euros para a realización da publicación “*Verbas vivas. Ruta literaria por Vigo e o Val Miñor*”, con cargo á aplicación 25/332.3322.789.00.2024 do vixente Orzamento provincial.



Rematado, o 31 de xaneiro de 2025, o prazo establecido para xustificar a axuda concedida, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte da Fundación Carlos Casares, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Con data 12 de febreiro de 2025, número de rexistro WEB2025008601, a Fundación Carlos Casares presenta renuncia á subvención concedida no seu día ante a decisión da comisión executiva da Fundación de pospoñer a edición de esta publicación.

Con data 13 de febreiro de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.

Con data 17 de marzo de 2025, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servicio de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Fundación Carlos Casares presenta, o 12 de febreiro de 2025, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización da publicación “*Verbas vivas. Ruta literaria por Vigo e o Val Miñor*”, ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.



Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 13 de febreiro de 2025 (CSV:NGO7N7AV8792VDIL), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 17 de marzo de 2025 (CSV:C4Z48BLOI4CPXFP5), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Fundación Carlos Casares* á subvención concedida para a realización da publicación “*Verbas vivas. Ruta literaria por Vigo e o Val Miñor*”, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á *Fundación Carlos Casares*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

41.35004.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO MOTOCLUB RANDUFE DO CONCELLO DE TUI PARA “VIII SUPERCROSS CIDADE DE TUI”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 08/11/2024. (Expte.2024031052)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Expte. 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/24.

Segundo.- En data 13/05/2024 Adolfo Pereira Vaz, en representación do *Motoclub Randufe* (NIF: G06767552) presenta solicitude para “VIII Supercross Cidade de Tui”, achegando un orzamento da actividade por importe de 5.691,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o *Motoclub Randufe* (NIF: G06767552) e na contía de 653,28 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 16/03/25 o *Motoclub Randufe* (NIF: G06767552) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida por non poder xustificar a subvención concedida.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 19/03/2025 a renuncia presentada polo *Motoclub Randufe* (NIF: G06767552)



Fundamentos:**Primeiro.- Lexislación aplicable:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Motoclub Randufe* (NIF: G06767552) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 653,28 € para “*VIII Supercross Cidade de Tu?*” (documento co CSV: N42Q6L9QA53DB1Q7).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

42.35005.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO 33.33836 APROBADO EN XUNTA DE GOBERNO 21/02/2025 DA RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB CAMBADELA DO CONCELLO DE A ESTRADA PARA “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (LOITA OLÍMPICA)”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 05/12/2024. (Expte.2024045641)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 21 de febreiro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

33.33836.- Dar conta e aceptar a renuncia da subvención concedida ao Club Cambadela do concello de A Estrada para “Ámbito inferior ao estatal – Loita Olímpica”, aprobada en XG de 05/12/2024, advírtese o seguinte erro, polo que, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade modificar dito acordo no senso onde di:

En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte proposta de acordo á Xunta de Goberno:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CLUB CAMBADELA (NIF: G36573244) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 402,08 € para “Ámbito inferior ao estatal – Loita Olímpica” (documento co CSV: 4VN97SB0XJSYCEKG).

Debe dicir:

En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte proposta de acordo á Xunta de Goberno:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CLUB CAMBADELA (NIF: G36573244) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 527,44 € para “Ámbito inferior ao estatal – Loita Olímpica” (documento co CSV: 4VN97SB0XJSYCEKG).



43.35006.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE COSTA DA FONTE DO POBO Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024014502)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 12/03/2025 con CSV: RLID1EZI1U32JUTC e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 12/03/2025 con CSV: P6ECP76YDHAQKY1R, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Comunidade de usuarios de Costa da Fonte do Pobo” con CIF V36285617 á subvención concedida de 9.709,04 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.709,04 € previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

44.35007.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE PAZO-BARRANTES Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024014433)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 10/03/2025 con CSV: NCT4DTPXQ58T9093 e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 12/03/2025 con CSV: ITUYDH60GLZ23P72, a Xunta de Goberno,acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Comunidade de usuarios de Pazo-Barrantes” con CIF G36335917 á subvención concedida de 6.154,12 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 6.154,12 € previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.



45.35008.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE TRÁIDA DO COUTO Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024014307)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 19/03/2025 con CSV: YYOIQ96UNCNJ7EXS e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 19/03/2025 con CSV: Q7OEQTPWLOV67JCI, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Comunidade de usuarios de Traida do Couto” con CIF G27871078 á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

46.35009.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE INSTALACIÓN SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO NOS EDIFICIOS CASA DO CONCELLO, CENTRO DE SAÚDE E ALBERGUE DO CONCELLO DE DOZÓN” CORRESPONDENTE CO EXPEDIENTE PR-5000-2021-001085 DO IDAE, POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS. (Expte.2023030782)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes:

I. ANTECEDENTES:

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno número 5.33075 de data 20 de outubro de 2023, adxudícase á empresa SETGA S.L.U. (CIF B-36.699.064) a execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións fotovoltaicas sostíbles II correspondente co expediente PRD 5000-2021-001085 dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto o *Lote 1-Proxecto 4.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón*, por importe total IVE engadido de 18.479,68 €.



Segundo.- Unha vez realizadas as obras, a empresa SETGA S.L.U. (CIF B-36.699.064), presentou, para a súa tramitación e pago a certificación final da obra por importe de 4.011,40 €, correspondente co lote 1 Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón.

Terceiro.- Visto o informe da Intervención Provincial, relativo á certificación final da obra “Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón”, por importe de 4.011,40 €, no que recolle as seguintes observacións:

“A execución da obra rematou con data 31 de outubro de 2024 e a súa recepción tivo lugar o día 12 de decembro de 2024, polo que, non se cumpriu o prazo dun (1) mes desde a finalización da obra que establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) para a súa recepción (art. 210).

Consta no expediente informe do representante da Intervención, parcialmente desfavorable, sobre a comprobación material do investimento (CSV: 5BCGRNGF1W92JMLL), no que pon de manifesto que as instalacións da Casa do Concello de Dozón e do Centro de Saúde non foron executadas e procedeuse a subministrar ó Concello os 2 inversores e os 12 módulos fotovoltaicos que formaban parte do deseño a executar, equipos que se atopan acopiados nun almacén municipal (segundo se constata na acta de recepción do investimento). Ase mesmo indica que, a non instalación destes equipos, poderá causar con case total probabilidade, a perda da subvención estatal na contía correspondente, xerando así, polo tanto, implicacións económicas tanto ó Concello de Dozón como á Deputación Provincial como cofinanciadores do contrato. O importe dos equipos subministrados e non instalados é o que se detalla na seguinte táboa:

CONCEPTO	UDS.	PRECIO UNITARIO	IMPORTE
Subministro panel fotovoltaico de silicio monocristalino de 460 Wp. 144 células.	12	130,46	1.565,52
Subministro inversor 3,0 KW	2	482,28	964,56
		PEM	2.530,08
		BAIXA 7%	177,11
		TOTAL PEM	2.352,97
		GTOS. XERAIS + BENEFICIO INDUSTRIAL (19%)	447,07
		SUMA	2.800,04
		IVE (21%)	588,01
		TOTAL	3.388,05

Polo que, deberá repercutirse ao Concello de Dozón o importe total reflexado na táboa anterior (3.388,05€).”

Cuarto.-A última certificación da obra indica que a data de fin de obra é o 2/11/2024. Se ben é certo que a derradeira acta de recepción da obra é de data 12 de decembro de 2024, existe un acta de recepción previa de data 27/11/2024, dentro do prazo estipulado pola Lei de Contratos do Sector Público.

II.FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- De conformidade co previsto no artigo 26.2.b) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, aplicaranse aos créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto establecido no artigo 47.5 requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe da Intervención Provincial de data 04/01/2025, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1. Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

SETGA S.L.U.	Aplicación orzamentaria	Importe
(CIF B-36.699.064)	25/942.1700.652.15.2023	4.011,40 €
IMPORTE BRUTO		4.011,40 €
Taxa dirección de obra (4% P.E.M.)	Id.	111,44 €
Control de calidade (3% P.E.M. Licit.)	Id.	89,87 €
Total descontos	Id.	201,31 €
IMPORTE NETO		3.810,09 €



2. Repercutir ao Concello de Dozón o importe que ascende a 3.388,05 €, polos equipos subministrados e non instalados, de conformidade co establecido no antecedente terceiro da presente proposta.
3. A liquidación correspondente a dito importe será notificada no momento procedimental oportuno polo Negociado de Xestión de Recursos Económicos. Na citada notificación seranlle indicados os prazos e lugares de ingreso.
4. Dar traslado do presente acordo á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia, a empresa adxudicataria e a o Concello de Dozón.

47.35010.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14/03/2025 (ACORDO Nº21.34915) RELATIVO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. PARA RESPONDER DO CONTRATO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4201 SETADOS-RIBARTEME-VIDE P.K. 0+000 AO P.K. 3+930 (AS NEVES)”.
(Expte.2020008247) (Devogaran 2025005622)

Mediante acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2025, procedeuse á devolución dunha serie de garantías definitivas, dentro das que se encontraba a devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.* (CIF B-36239861), para participar no contrato relativo á obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 4201 Setados-Ribarteme-Vide, P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+930 (As Neves)*”.

Resultando.- Que en dito acordo da Xunta de Goberno advertiuse un erro tipográfico na indicación da devolución da garantía establecida.

Considerando.- Que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o mencionado acordo no seguinte senso:

- Onde di:

“...

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- *A constituída, en metálico, por importe de doce mil corenta euros con sesenta e un céntimos (12.040,61 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 14/08/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000142886.*
- ...”.



- Debe dicir:

“...

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- *A constituída mediante aval emitido pola entidade ABANCA, CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (A-70.302.039) (Inscrito no Rexistro Especial de Avals co núm. 661124), por importe de doce mil corenta euros con sesenta e un céntimos (12.040,61 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 14/08/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000142886.*

...”

O resto do texto permanecerá invariable.

48.35011.- ALLEAMENTO POR ADXUDICACIÓN DIRECTA DA PARCELA B-09 RESULTANTE DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO. (Expte.2025005945)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme da Secretaría Xeral, de data 18 de marzo de 2025 (CSV): ZE9LYJOUYKT75K8, que textualmente di:

“...O Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 26 de abril de 2024, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no concello de Barro.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, o Pleno Provincial, na sesión do 28 de xuño de 2024, declarou deserto o citado concurso e acordou a posibilidade de efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das devanditas 14 parcelas durante o prazo dun ano e en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência.

O 10 de febreiro e o 7 de marzo de 2025 teñen entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro web 2025007904 e 2025015399), escritos da empresa CARPAS PONTEVEDRA, S.L., con CIF B-94077633, a través dos cales solicita lle sexa adxudicada directamente a propiedade da parcela B-09, de 2.723,09 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 269.585,91 €. O prezo total, IVE incluído, é de 326.198,95 € (269.585,91 € + 56.613,04 € de IVE).

No seu escrito de solicitude a empresa elixe a opción B) de compra reflectida na cláusula sétima do PCAP (25% do prezo, máis o IVE total da operación, a ingresar no momento da escritura pública de compravenda e o 75% do prezo restante, fraccionado en 10 anos, con pago anual).

Así mesmo, aporta a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería Provincial a garantía esixida na cláusula 18ª do PCAP, equivalente ao 100% do canon anual (6% do prezo de adxudicación, IVE excluído), segundo o seguinte detalle:

- Parcela B-09, DEZASEIS MIL CENTO SETENTA E CINCO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (16.175,15 €), operación OCVD-CVD, co número 12025000036508.



CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, cumpríndose todos os trámites requiridos nos PCAP, infórmase favorablemente a solicitude da empresa CARPAS PONTEVEDRA, S.L., con CIF B-94077633, e propónse o alleamento ao seu favor, por adxudicación directa, da parcela B-09 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), nos termos expostos.”

Visto o informe favorable á tramitación do expediente emitido pola Intervención Provincial, de data 21 de marzo de 2025, que inclúe o seguinte cadro de financiación:

“...Parcela B-09

Data de pago	Principal pendente (unha vez deducido o pago do período)	IVE pendente (21%)	Débeda con IVE	Pagos principal	Xuros principal (descontado o IVE) (I. LEGAL 3,25%_2025)	Importe total a ingresar (1)
INICIAL	269.585,91 €	56.613,04 €	326.198,95 €			
01/05/2025	202.189,43 €	1º PAGO: 25% mais o IVE TOTAL (data escritura)		67.396,48 €		124.009,52 €
01/05/2026	181.970,49			20.218,94	6.065,68	26.284,62
01/05/2027	161.751,55			20.218,94	5.459,11	25.678,05
01/05/2028	141.532,61			20.218,94	4.865,84	25.084,78
01/05/2029	121.313,67			20.218,94	4.245,98	24.464,92
01/05/2030	101.094,73			20.218,94	3.942,69	24.161,63
01/05/2031	80.875,79			20.218,94	3.285,58	23.504,52
01/05/2032	60.656,85			20.218,94	2.635,66	22.854,60
01/05/2033	40.437,91			20.218,94	1.971,35	22.190,29
01/05/2034	20.218,97			20.218,94	1.314,23	21.533,17
01/05/2035	0,00			20.218,97	657,12	20.876,09
			Suma..	269.585,91 €	34.443,25 €	360.642,20 €

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. O alleamento por adxudicación directa a favor da empresa CARPAS PONTEVEDRA, S.L. da parcela B-09 do Polígono Industrial Outeda-Curro, de 2.723,09 m², ao prezo de 99,00 €/m² IVE excluído, isto é 269.585,91 €, máis 56.613,04 € en concepto de IVE, que fan un total de 326.198,95 €.

Á sinatura da escritura pública de compra-venta, a empresa ingresará 124.009,52 € (o 25% do prezo, mais a totalidade do IVE), e o importe restante en dez pagos fraccionados anuais conforme ao cadro de financiación que se inclúe no presente acordo.

Segundo. A Deputación de Pontevedra emitirá a correspondente factura que será entregada ao comprador no momento da firma da correspondente escritura. O ingreso contabilizarase con cargo ao concepto orzamentario “24/923-609,00 venta de parcelas polígono”.



49.35012.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. (Exptes.2025013650, 2025015972 e 2025016921)

a) Vista a relación de operacións con número 2025013650 (CSV: SCRY855A380E3ZVY), que contén 3 operacións por un importe de 1.571,66 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.695,16€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	123,50 €
Total líquido.....	1.571,66€

b) Vista a relación de operacións con número 2025015972 (CSV: SCC904OKP9A373G4), que contén 8 operacións por un importe de 38.149,76 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	40.228,25€
IVE soportable deducible.....	21,51€
Retencións.....	2.100,00€
Total líquido.....	38.149,76€

c) Vista a relación de operacións con número 2025016921 (CSV: RGRDEKA18MYCQKGG), que contén 1 operación por un importe de 133,29 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	133,29 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	133,29€

50.35013.- COMUNICACIÓNS
Non houbo.



51.35014.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 14/03/2025 (nº34.34928), RELATIVO Á “CONCESIÓN DAS AXUDAS SANITARIAS DO EXERCICIO 2024” (Expte. 2025013902)

1º.- Por acordo adoptado na Xunta de Goberno da Deputación Provincial celebrada o pasado 14 de marzo de 2025, aprobase a concesión das axudas económicas de carácter sanitario correspondentes a gastos realizados no ano 2024.

2º.- A base terceira das normas que regulan a concesión deste tipo de axudas dispón que estas concédense ao titular do dereito e os seus beneficiarios, entendéndose por titular do dereito o persoal funcionario de carreira e laboral fixo que preste servizos nesta Deputación Provincial e que se encontren en servizo activo.

3º.- Iniciado o proceso de gravación dos datos en nómina, advírtese que en dito acordo se inclúen dúas persoas que non teñen a condición de beneficiarias, por ser persoal funcionario interino, concretamente as seguintes:

17729	FRANCO BASTIANELLI SERGIO	625,30 €
19762	OTERO BELLO ALMUDENA	2.018,52 €

4º.- En consecuencia, ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, procede rectificar dito acordo no senso de suprimir a ditos empregados na relación de axudas concedidas.

NORMATIVA APLICABLE

1º.- Normas reguladoras das solicitudes, procedemento e concesión das axudas sanitarias a persoal funcionario e laboral fixo da Deputación Provincial de Pontevedra, aprobadas por acordo adoptado na Xunta de Goberno da Deputación Provincial celebrada o 24/05/2024, modificadas por acordo da Xunta de Goberno do 14/03/2025.

2º.- Artigo da 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que permite a Administración rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancias das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos.

Advertido un erro no acordo de concesión das axudas económicas de carácter sanitario, adoptado en reunión celebrada o pasado 14/03/2025, de conformidade co disposto nas Instrucións reguladoras deste tipo de axudas e ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro; a Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o referido acordo co obxecto de eliminar e, por tanto, non conceder as axudas solicitadas ás persoas que a continuación se sinalan, por non reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario/a, tras verificarse a súa condición de persoal funcionario interino:

17729	FRANCO BASTIANELLI SERGIO	625,30 €
19762	OTERO BELLO ALMUDENA	2.018,52 €



52.35015.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

